

Santiago de Compostela, 7 marzo de 2026

Manifesto da Xornada de Pastoral Penitenciaria das dioceses galegas: “Reinserción social e estranxeiros en prisión”

1º A aportación da Pastoral Penitenciaria:

Evanxelizarse é seguir as pegadas de Xesús de Nazaré, quen buscou dignificar ás persoas, amosando a súa sensibilidade cara ós máis febles, integrando a aqueles que son rexeitados, ollando con esperanza as posibilidades de cambio de cada historia persoal.

Ser discípulos seus leva consigo: recoñecer en cada ser humano non só un semellante, senón un irmán; acompañarnos no camiño; pero comprometermos tamén para que as condicións sociais nas que se desenvolve a vida cambien para a xustiza.

2º Motivos de preocupación:

Atopamos no cárcere unha prevalencia na cantidade de persoas procedentes do mundo da pobreza e da exclusión; con trastornos psiquiátricos; xoves, vítimas das adicións, caldo de cultivo para as patoloxías sociais.

Cando faltan recursos ou apoio do exterior, a estadía no cárcere, intensifica as asimetrías: non é o mesmo sufrir condena sendo muller, estranxeiro irregular ou ter un grave trastorno de saúde. Tampouco son iguais, nin moito menos, as posibilidades de reinserción para a saída. As asimetrías de fóra intensifícanse dentro.

Son especialmente vulnerables as persoas migrantes que, en moitas ocasións, sofren pobreza e explotación, cos seus dereitos diminuídos, carentes de apoio familiar e en situación de descoñecemento da lingua e da cultura. Moitas veces veñen escapando de situacións traumáticas, buscando simplemente unha vida normal.

Son preocupantes na opinión pública as tendencias punitivistas e, en xeral, o descoñecemento do sistema penitenciario, os síntomas de aporofobia (odio ó pobre). E a utilización sensacionalista e populista do tema da emigración e da seguridade persoal para manipulación da opinión pública.

3º Outra prisión é posible:

A proposta de reforma do Código Penal: endurecer as penas ante a multirreincidencia. Vén ser, como xa salientamos recentemente, unha solución meramente punitiva dos problemas. Pero non soluciona os problemas de fondo que adoitan estar detrás da delincuencia.

Fronte a iso propoñemos penas alternativas á prisión, como: traballos en beneficio da comunidade; xeneralización do terceiro grao para os delitos menos graves; desenvolvemento dunha cultura de xustiza restaurativa que responsabilice e reeduce; atender ás problemáticas que están detrás da meirande parte das infraccións; e iso, fóra dun medio degradante para a persoa, tal como o penitenciario.

4º Unha situación de dobre condea:

A Constitución proclama, no seu art. 25 § 2, que as penas de prisión están orientadas á reinserción social e á reeducación dos penados. Isto incúmprese no caso das persoas estranxeiras en situación irregular. E moitos perden os papeis durante o tempo de prisión polas trabas burocráticas que se lles impoñen.

Cando o único horizonte é a expulsión, calquera proceso tratamental está abocado á frustración. O estranxeiro sofre dúas penas de prisión: a condea do xuíz; e a perda da opción á inserción social pola privación do permiso de traballo e residencia polos antecedentes. Así, tampouco hai acceso ás prestacións por desemprego e outros recursos sociais.

Esta situación non só é inxusta por ser contraria ó sistema xurídico e á dignidade das persoas. E que resulta disfuncional desde o punto de vista dos obxectivos do sistema penal, da seguridade e prevención. E carrega consigo graves consecuencias sociais.

5º Pedimos unha revisión legal:

Ante o recente proxecto de decreto lei para a regularización de estranxeiros, **Defendemos:** que a existencia de antecedentes non sexa unha causa automática de privación dos permisos de traballo e residencia.

Propoñemos: que se teñan sempre en conta as circunstancias persoais; o seu desexo de establecer unha vida normalizada en España, o seu arraigo, o tempo de estancia; as dificultades e mesmo os perigos para o retorno; o seu proceso de cambio dentro de prisión; e o recoñecemento da súa vida laboral. Por outra parte, así o esixen a normativa comunitaria e a xurisprudencia europea.

6º Unha ollada diferente:

Recentemente, o Papa León XIV na *Dilexi Te* afirmaba: "A Igrexa, como nai, camiña cos que camiñan. Onde o mundo ve unha ameaza, ela ve fillos; onde se levantan muros, ela constrúe pontes. Sabe que o anuncio do Evanxeo só é crible

cando se traduce en xestos de proximidade e de acollida; e que en cada migrante rexeitado, é Cristo mesmo quen chama ás portas da comunidade" (n.º 75).

Finalmente: neste tempo en que se escoitan tambores de guerra; en que a violencia explícita e implícita parece querer gañar terreo; en que se cuestiona o dereito como medio para a resolución dos conflitos, desde a Pastoral Penitenciaria queremos **unirnos ó clamor pola paz que sempre é froito da xustiza.**